

A arañeira



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2020.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Irmás Cartoné, 2021

Título orixinal: *Das Spinnennetz*

Tradución: David A. Álvarez Martínez

Deseño de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-121470-1-8

Dep. Legal: C 315-2021



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, o tradutor e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

JOSEPH ROTH

A arañeira

Tradución de David A. Álvarez Martínez



BREVES NOTAS DO TRADUTOR SOBRE *A ARAÑEIRA*

A novela ambiéntase nos primeiros anos da República de Weimar, unha época moi convulsa despois das consecuencias da Primeira Guerra Mundial e da rendición de Alemaña. Son anos de enormes problemas económicos, de terrorismo político organizado e instigado por grupos paramilitares de diverso signo, de xuízos e execucións clandestinas, e, polo tanto, dunha inestabilidade democrática na que se foi xestando o ascenso do antisemitismo e da dereita radical e nacionalista que logo encarnou sobre todo o NSDAP de Hitler. Todos eses anos estiveron contaminados pola «lenda da puñalada polas costas» (*Dolchstoßlegende*), difundida primeiro polos mandos militares e logo adoptada pola propaganda nacionalsocialista. Segundo ese relato, a socialdemocracia e os poderes xudeus eran responsables das miserias sociais e económicas de Alemaña ao traizoar o exército alemán ao final da guerra e vender a patria ás condicións de rendición do tratado de Versalles.

Joseph Roth viña xa documentando a actualidade política na súa actividade xornalística desde había uns anos e denunciando o ascenso dunha ideoloxía antisemita e radical de extrema dereita. Moitas das referencias históricas

da novela teñen unha inspiración real (a revolución de novembro, o plebiscito na Alta Silesia, o atentado na Columna da Vitoria etc.) e outras están máis ou menos ficcionalizadas ou inspiradas en feitos similares. Ocorre o mesmo coa galería de personaxes que van aparecendo na novela. Non sempre son localizables, ás veces son unha referencia histórica directa e ineludible, como Ludendorff, Hindenburg ou Hitler, e outras son alusións directas ou indirectas a figuras da época nos eidos da política, dos negocios ou da vida pública en xeral. Ocorre o mesmo cos xornais e publicacións citados, algúns existentes, outros recreacións ficticias en alusión a diarios reais.

A arañeira é a primeira obra literaria do autor e publicouse por entregas no xornal socialdemócrata vienés *Arbeiter-Zeitung*, a última tan só dous días antes do golpe de Estado fracasado que deron Hitler e Ludendorff en Múnic en 1923, polo que o primeiro foi condenado a prisión. A novela considérase precursora da literatura de análise do fascismo. Non se publicou en forma de libro até 1967, na editorial Kiepenheuer & Witsch, en Colonia.

David A. Álvarez Martínez

Febreiro de 2021

Theodor criouse na casa paterna, a do inspector de aduanas ferroviarias e antigo brigada Wilhelm Lohse. O pequeno Theodor era un rapaz louro, estudoso e ben educado. Cobizou sempre con degoiro unha relevancia que só obtivo máis avanzada a súa vida, aínda que nunca ousara crer nela. Podería dicirse que superou unhas expectativas de si mesmo que xamais creara.

O vello Lohse xa non puido ser testemuña da grandeza do seu fillo. O inspector de aduanas só chegou a ver a Theodor co uniforme de tenente de reserva. O vello nunca desexara máis ca iso. Morreu no cuarto ano da Gran Guerra e o derradeiro intre da súa vida ennobreceuno o pensamento de que o tenente Lohse desfilaría tras o cadaleito.

Un ano máis tarde, Theodor xa non era tenente, senón estudante de dereito e instrutor privado na casa do xoieiro Efrussi. No fogar do xoieiro tomaba todos os días café con tona de leite, un bolo de pan con xamón e recibía un honorario mensual, cousas que conformaban o fundamento da

súa existencia material. Na Asistencia Técnica, da cal era membro, escaseaba o traballo e, cando o había, era duro e pago con modestia. A Asociación Económica de Oficiais de Reserva entregáballe legumes unha vez á semana, que el repartía coa nai e as irmás, con quen vivía e que o toleraban, o sufrían máis que menos, o atendían pouco e, se acaso acontecía, era con menosprezo. A nai andaba doente, as irmás amarelaban, avellentaban e non podían perdoarlle a Theodor que non cumprira o seu deber de caer na batalla como tenente e como heroe con dúas mencións no boletín de guerra. Un fillo morto sería sempre un orgullo na familia. Un tenente desmobilizado e vítima da revolución” supoñía unha carga para as mulleres. Theodor vivía coa súa familia coma un vello avó que honrarían se estivese morto, mais que menosprezaban por estar vivo.

Podería ter aforrado moitas contrariedades se non se erguese coma unha parede esa hostilidade muda entre el e a súa familia. Podería contarlles ás súas irmás que non era el o responsable da súa desdita, que el maldicía a revolución, que alimentaba o odio contra socialistas e xudeus, que todos os días levaba sobre a caluga engruñada o peso

* N. do T.: Organización semi-estatal de voluntarios creada ao finalizar a Primeira Guerra Mundial. Prestaba axuda de emerxencia para o mantemento de infraestruturas e servizos vitais.

** N. do T.: En novembro de 1918, o levantamento da mariña en Kiel, que se subleva contra o Comando Supremo e desobedece a orde dun ataque contra as liñas inimigas, fai estourar folgas por todo o país e unha revolución que pon fin á guerra en Alemaña e forza a abdicación do káiser Guillerme II, que, nun primeiro momento, foxe aos Países Baixos.

dun doloroso xugo e que se xulgaba recluso neses tempos que lle tocara vivir coma nunha prisión lúgubre sen a luz do sol. No exterior non se albiscaba ningunha redención e a fuxida era imposible. Porén, non dicía nada, sempre estivera calado, sempre sentira unha man invisible diante dos beizos, sempre, xa de rapaz. Só podía pronunciar o que aprendera de memoria, porque o son desas palabras residía na súa gorxa, anteriormente formadas en silencio unha ducia de veces nos seus ouvidos. Precisaba dunha aprendizaxe longa para que as palabras crebadizas se tornasen flexibles e se inserisen no seu cerebro. Aprendía historias de memoria coma se fosen poemas, a imaxe das frases impresas aparecíasele perante os ollos coma se as vise no libro, sobre elas o número da páxina e no bordo un nariz esborrachado nos momentos ociosos.

Cada hora tiña unha faciana estraña. Sorprendíase por todo. Cada acontecemento era terrible só por ser novo e esvaecía-se antes de se gravar na mente. Exercitou o esmero a causa dos seus temores, traballou duro, preparouse cun teimoso desasosego e unha e outra vez descubriu que a preparación era demasiado deficiente. Multiplicou por dez a súa ansia e chegou a ser o segundo mellor da escola. O primeiro da clase era o xudeu Glaser, que paseaba nas pausas con lixeireza e un sorriso sen sentir o peso dos libros e as preocupacións. Era quen de entregar unha redacción inmaculada en latín en tan só vinte minutos e parecía que lle abrollaban vocábulos, fórmulas, excepcións e verbos irregulares da cabeza sen necesidade de se esforzar en culturalos.

O pequeno Efrussi, o fillo do xoieiro, asemellábase tanto a Glaser que Theodor pasaba apuros para manter a autoridade. Tiña que reprimir un medo silandeiro que aumentaba con tenacidade antes de poder amoestar o seu alumno. O pequeno Efrussi amosaba tanta seguridade cando cometía un erro por escrito e tanta confianza cando os pronunciaba que Theodor tendía a dubidar do libro de texto e a deixar valer o desacerto do seu alumno. Sempre fora así, sempre crera no poder externo, en todo poder externo que se presentaba diante del. Só no exército era feliz. O que lle dicían tiña que crelo, e os demais debían facer o propio cando era el quen falaba. Theodor ficaría de boa gana no exército toda a vida.

A vida civil era outra cousa, cruel e chea de malicia agochada en recantos descoñecidos. Podía un esforzarse, mais non había orientación, desperdiciábanse forzas en incertezas, era como construír casas de naipes sen cesar para que unha corrente de aire misteriosa as derrubase. A ambición non tiña valor, o traballo non recibía recompensa. Non había superiores que deixasen ver a súa intención ou entrever os seus desexos. Todos eran superiores, toda a xente na rúa, os compañeiros nas aulas, incluso as nais e as irmás.

Que sinxelo era todo para os demais, sobre todo para os Glaser e os Efrussi: un era o primeiro da clase, o outro, xoieiro e aqueloutro, fillo dun xoieiro rico. Mais no exército non foran nada, apenas chegaran a sarxentos. Alí imperaba a xustiza sobre a mentira. Porque todo era finxido, os coñecementos de Glaser, adquiridos deshonestamente coma os cartos do xoieiro. Non se trataba de asuntos lim-

pos cando o soldado Grünbaum conseguía un permiso ou cando Efrussi facía un negocio. A revolución era unha estafa, o káiser fora traizoado, o xeneral, enganado, e a república era un negocio xudeu. Mesmo Theodor vía o asunto con claridade e a opinión doutros persoeiros confirmaba as súas impresións. Mentres intelixentes como Wilhelm Tiedemann, o catedrático Koethe, o profesor Bastelmann, o físico Lorrantz, ou Mannheim, estudoso da raza, afirmaban e demostraban nas súas conferencias vesperais da Asociación de Estudantes Alemáns de Dereito e nos seus libros expostos na sala de lectura da sociedade Germania” o dano que causaba a raza xudía.

O seu pai advertira a miúdo as súas fillas do trato con mozos xudeus na escola de baile. Había exemplos abondos. A el mesmo, o revisor de ferrocarrís Lohse, acontecíalle polo menos dúas veces ao mes que os xudeus de Posen, que eran os peores, tentasen subornalo. Na guerra eran suspensos, declarados non aptos para o servizo militar e acababan como escribáns nos hospitais de campaña e nos destacamentos de abastecemento militar.

* N. do T.: Paul von Hindenburg (1847-1934), mariscal do exército do Imperio Alemán, responsable xunto con Ludendorff do Comando Militar Supremo durante os últimos anos da Gran Guerra. Foi elixido segundo presidente da República de Weimar (1925-1932) e nomeou a Hitler chanceler do Reich en xaneiro de 1933.

** N. do T.: Nome de varias organizacións ou irmandades estudiantís de cidades do Imperio Alemán e do Imperio Austro-Húngaro. As súas salas ofrecían prensa e convertéronse en lugares de encontro de estudantes durante o Imperio asociados tamén a ideas nacionalistas radicais.

Nos seminarios de dereito tomaban sempre a palabra e inventaban casos novos nos que Theodor se sentía perdido e obrigado a reiterados traballos desagradables, laboriosos e pesados.

Destruían o exército, agora controlaban o Estado e inventaban o socialismo, a falta de patria, o amor polo inimigo. No *Sabios de Sión** —todos os membros da Unión de Oficiais de Reserva recibían ese libro cos legumes dos venres— dicíase que cobizaban o dominio mundial. Tiñan a policía nas súas mans e perseguían as organizacións nacionais. E aínda por riba había que instruír os seus fillos, vivir deles, malvivir? E eles, como vivían?

Vaia, que boa vida levaban eles! Separada da vía pública por unha reixa gris de brillo prateado, erixíase a casa da familia Efrussi, rodeada dun céspede amplo e verde. O pedrullo branco relucía, a escaleira que levaba á porta brillaba máis clara aínda, no vestíbulo penduraban cadros con marcos dourados e un servente cunha librea verde e dourada recibía os convidados cunha reverencia. O xoieiro era alto e fraco, sempre vestido de negro, cun chaleco negro moi subido que só deixaba ver un anaco de lazo negro enfeitado cunha perla do tamaño dunha abelá.

A familia de Theodor habitaba tres cuartos no barrio de Moabit e o máis bonito contiña dous armarios que cambaleaban, un aparador como xoia principal e, de único adobío, un centro de mesa de prata que Theodor salvara do cas-

* N. do T.: *Os protocolos dos Sabios de Sión* é un panfleto falsificado de carácter antisemita que xurdiu na Rusia zarista e que pretendía demostrar que existía unha conspiración xudía mundial.

telo de Amiens e que agochara no fondo da maleta apenas uns momentos antes da chegada do inflexible comandante Krause, que non permitía cousas dese tipo.

Non! Theodor non vivía nun chalé tras reixas de brillo prateado. Tampouco tiña un rango que lle fixese esquecer as necesidades da súa vida. Era un instrutor privado coas esperanzas fracasadas, a coraxe enterrada, mais cunha ambición sempre viva e torturadora. As mulleres pasaban, inalcanzables, á súa beira, cunha música doce e atraente nas cadeiras bambeantes. El estaba feito para posuílas. Como tenente podería posuílas, todas, tamén a nova señora Efrussi, a segunda esposa do xoieiro.

Que lonxe se atopaba ela. Viña daquel gran mundo ao que case puidera chegar noutrora Theodor. Era unha dama, xudía, pero unha dama. En realidade debería achegarse a ela co uniforme de tenente e non de civil, como instrutor privado. Nunha ocasión, nos tempos de tenente e de permiso en Berlín, tivera unha aventura. Ben se podía dicir que cunha dama; esposa dun comerciante de tabaco que residía en Flandres; a fotografía do home penduraba da parede do comedor, ela levaba braguíñas violetas. Eran as primeiras braguíñas violetas da existencia masculina de Theodor.

Que pouca idea tiña el agora desas mulleres! Por poucos cartos podía posuír rapazas novas, ter un minuto apresurado de amor frío na escuridade nocturna da entrada dun edificio, nun recuncho, asaltado polo temor ao veciño que por casualidade volvía nese intre para a casa; podía gozar dun desexo que se esvaecía polo medo a eses pasos que os sorprendrían, do mesmo xeito que as brasas arrefrían se se

mergullan nun líquido; súa era a rapaza simple e descalza do norte, a muller de mans angulosas e pel dura con aloumiños ásperos e un tacto que arrefecía, coa roupa sucia e as medias suadas.

Non pertencía a señora Efrussi ao seu mundo. Mentres oía a súa voz, pensaba que tiña que ser unha boa muller. Ninguén lle dixera tantas cousas bonitas dun xeito tan simple e agarimoso. «Enténdeo vostede ás marabillas, señor Lohse! Agrádalle esta casa? Séntese ben con nós?» Oh, era boa, bonita e nova! Theodor desexaba unha irmá así.

Nunha ocasión estremeceu cando a viu saír dun comercio. Coma se de súpeto estivese claro para el, nese intre lembrou que pensara nela todo o camiño. Arrepiouno a descuberta de que ela moraba nel, de que, contra a súa vontade e sen sabelo, ficara parado, aceptara o seu invite a entrar con ela no coche e estivera a piques de facelo antes ca ela. Nalgúns momentos veuse arrebolado contra o seu corpo, tocándolle o brazo e pedindo perdón con apuros. A súa pregunta pasouna por alto. Tiña que esforzarse en poñer atención para non bater de novo contra ela, mais volveu acontecer de todos os xeitos. Ansioso, preparouse para o momento da saída do coche, que se detivo antes do que el pensaba e non lle deixou tempo para saír e axudala ofrecéndolle a man. Quedou sentado e deixouna agardando até que puido baixar. A caixa que quería coller xa a tiña o chofer nas mans. Desde unha gran distancia chegou ao seu ouvido unha palabra de despedida, mais permaneceu en ineludible proximidade o sorriso dela diante dos seus ollos, coma se sorrisse a imaxe dunha muller que falaba ao lonxe.

A arañeira

Nunca a alcanzaba, como podería sequera? Ardía o seu devezo, pero a fe na súa forza de conquista estaba extinta desde que xa non era tenente. Primeiro tería que volver selo. Quería ser tenente ou algunha outra cousa. Non ficar na escuridade e permanecer máis tempo oculto, non ser unha simple pedra no conxunto dun muro, non o último dos camaradas, o que está á escoita e ri cando contan historias e contos obscenos, nin seguir só entre moreas de xente, co desexo inútil de que o atendan e coa decepción permanente das cousas ignoradas, toleradas e apreciadas a causa da súa atención agradecida. Ah, pensaban que era inocuo e inofensivo? Xa verían. Todos ían velo! Logo ha saír do seu recuncho vergoñento un vencedor, non atrapado nesta época, non máis tempo oprimido baixo o xugo dos seus días. Soaban fanfarras estridentes nalgún lugar do horizonte.



ESTE LIBRO ENTROU NO
PRELO O 10 DE MARZO DE
2021

